

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE SETEMBRO DE 2014

### **2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expediente de contratación da execución das obras do proxecto básico e de execución reformado "Rehabilitación palacete finca do Espiño para equipamento municipal."**

Con data 15 de maio de 2014 a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de execución das obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal. O 6 de agosto, o concelleiro delegado de réxime interior e administración pública resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

Unha vez realizados estes trámites a XGL acordou no día de hoxe a aprobación do expediente denominado obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 1.262.100 €.

Anualidade 2014: 262.937'50 €.

Anualidade 2015: 999.162'50 €.

Este proxecto terá un prazo de execución de 12 meses.

### **3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á posta a disposición da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas dos bens precisos para a execución das obras de humanización da rúa Carreira do Conde.**

Con data 31 de xullo de 2014 a XGL aprobou o convenio de colaboración entre a CMATI e o Concello para a execución das obras de humanización e acondicionamento na rúa Carreira do Conde. Na cláusula segunda dese convenio recollese que o Concello comprométese a poñer a disposición da Consellería os terreos necesarios libre de cargas e gravames para a execución das obras. Para dar cumprimento ao convenio e poder empezar as obras a XGL aprobou hoxe esta posta a disposición que estará vixente polo tempo indispensable para poder levar a cabo estas obras.

Recordemos que grazas a este convenio poderase levar a cabo a humanización e acondicionamento da rúa Carreira do Conde que é porta de entrada á cidade histórica. Xunto coa obras principais que se realizará nesta rúa, haberá pequenas actuacións de reparación e mantemento das beirarrúas da Avenida Xoán Carlos I que lindan co Parque da Alameda, consistentes nunha nova pavimentación e mellora da accesibilidade. Esta actuación considérase necesaria toda vez que se detecta de forma evidente que esta rúa ten severos problemas de accesibilidade cos desniveis e itinerarios escalonados. Con isto preténdese unha nova distribución de usos e redución do espazo destinado ao tráfico rodado en favor do tráfico peonil así como o aumento da superficie axardinada. Realizarase tamén unha valoración da fonte existente como elemento singular. O orzamento desta obra será de 641.556,14 € IVE incluído, dos que o Concello achegará 129.417,75 €.

### **4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á regularización das parcelas de cesión obrigatoria no SUNP-3 (Cancelas-Mallou).**

O Concello de Santiago e o IGVS asinaron un Acordo Marco de Cooperación o 31 de decembro de 1992 que foi complementado polo Convenio de igual data e posteriores de decembro de 1995, xaneiro e marzo de 1996, polos que o IGVS asumía a xestión urbanística,

entre outros, do ámbito SUNP-3, Cancelas-Mallou, como a Administración actuante, a fin de preparar solo residencial para a construción de vivendas suxeitas aos distintos réximes de protección pública.

De este proceso e do solo existente, e froito de agrupacións e divisións, resultan entre outras, tres parcelas de equipamento de 5.018 m<sup>2</sup> unha, de uso docente, e dúas de 140 m<sup>2</sup> de uso social. De acordo ao establecido a cesión ofrecida polo IGVS e a aceptación da mesma refírese só as parcelas de equipamento de uso docente e social. Isto sen prexuízo que posteriormente o IGVS teña tamén que ceder as de uso de servizo técnico e viario. Logo da resolución da Directora do IGVS de 6 de xuño de 2014 autorizando a cesión obrigatoria, gratuíta e libre de cargas ao Concello destas parcelas, polo que a XGL de hoxe procedeu a aprobar a aceptar a cesión destas parcelas de equipamento en cumprimento dos deberes urbanísticos e do convenio suscrito.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa ao expediente de regularización de postos de venda ambulante de artesanía e recordos de Santiago no entorno da catedral.**

A proposta da Concelleira de Comercio a XGL aprobou á regularización dos postos de venda ambulante de xeados e castañas para a tempada de primavera-verán e outono-inverno.

A través da Disposición transitoria do vixente Regulamento de Venda Ambulante do Concello aprobado o 28 de febreiro de 2013 procedemos agora con este acordo a poñer en orden esta situación, e autorizando a ubicación de postos de xeados e de xeados e castañas nas ubicacións e polos períodos seguintes de cinco dos seis postos dispoñibles, queda un vacante na (Praza do Toural) que se poderá adjudicar no futuro:

LUGAR	PERIODO	PRODUCTO
1 Posto - Porta Faxeira	Anual	Xeados e castañas
1 Posto - Porta Faxeira	Do 1 de marzo o 31 de outubro	Xeados
1 Posto - Praza do Toural	Anual	Xeados e castañas
1 Posto - Paseo dos Leóns	Anual	Xeados e castañas
1 Posto - Praza de Cervantes	Do 1 de marzo o 31 de outubro	Xeados

-Venda ambulante no Casco Histórico.

Estes postos de venda ambulante, ubicados tradicionalmente no entorno da Catedral, arrastraban unha situación en precario desde o ano 1949 e cunha rotación dos sitios a ocupar que data do ano 1965. Co que aprobamos hoxe na XGL, e grazas a Disposición transitoria do vixente Regulamento de Venda Ambulante do Concello, procedemos a regularización dos titulares destes postos do Casco Histórico. Esta Disposición transitoria permite que aquelas persoas que viñan desempeñando esta actividade, poidan seguir coa mesma si no momento de entrada do regulamento cumpren os requisitos e solicitan permiso municipal para realizar a mesma como é o caso da maioría deles.

Así, e en relación a esta segunda actividade, temos a seguinte distribución de postos:

LUGAR	PERIODO	PRODUCTO
6 Postos - Praza do Obradoiro, rotación Praza da Quintana	Anual	Artesanía/Recordos
1 Postos - Praza do Obradoiro	Anual	Artesanía/Recordos
2 Postos - Praza do Obradoiro, rotación Praza da Quintana Maio a outubro	Decembro a Xaneiro	Artesanía/Recordos
1 Postos – Arco do Pazo Arcebispal Maio a outubro	Decembro a Xaneiro	Artesanía/Recordos
2 Postos – Avda. Xoán XXIII	Anual Decembro a Xaneiro	Artesanía/Recordos
1 Posto – Avda. Xoán XXIII	Marzo a outubro	Artesanía/Recordos

#### **6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á aprobación do prezo autorizado polo Concello de Santiago dos servizos de comedor e madrugadores na rede de centros públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago para o curso 2014-2015 e as normas xerais de uso dos servizos.**

A XGL aprobou os seguintes prezos autorizados para os servizos de comedor e madrugadores na rede de centros públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2014-2015 en Apóstolo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, Fontiñas, Roxos-Villestro, Vite I, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas.

Este servizo pódese dar grazas ao convenio asinado entre a Consellería de Educación e o Concello para financiar este servizo nos cursos 2013/2014 e 2014/2015. A Xunta achegará as seguintes cantidades:

2013: 19.950 € - Do 02/12/13 ata o 20/06/14.

2014: 63.056,25 € - Do 02/12/13 ata o 20/06/14 e Do 1º día 2014-2015 a derradeiro día 2014/2015.

2015: 43.106,25 € - Do 1º día dom es de decembro de 2014 ata o derradeiro día do curso 2014/2015.

En relación aos prezos autorizados para ser cobrados pola empresa, o prezo do almorzo non varía, será de 2,04 €/comensal/día. O prezo do xantar unha vez feito o cálculo dos días lectivos é de 3,31 €/comensal/día, que unha vez restado a achega municipal queda en 2,93 €/comensal/día.

#### **7.- Proposta do concelleiro delegado de Área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á concreción do acordo do punto 2 da sesión da Xunta de Goberno Local do 14 de agosto 2014.**

Dentro do acordo adoptado na XGL do 14 de agosto segundo o cal este concelleiro asumirá as competencias de todos os actos administrativos (notificacións, publicacións, sinaturas para boletíns oficiais...) como concreción deste acordo propónse que se entenda tamén a firma dos contratos.

#### **8.- Proposta das concellarías de Réxime Interior e Administración Pública e Facenda relativa á prórroga tácita do aluguer dos locais de oficinas municipais.**

A XGL aprobou a prórroga tácita do alugueiro de diferentes locais que son ocupados actualmente por dependencias municipais situados en:

Rúa Galeras, 7: Atención ao Contribuínte. Importe: 710,04 €/MES.

Rúa Galeras, 8: Atención ao Contribuínte. Importe: 800,40 €/MES.

Rúa Galeras, 9: Atención ao Cidadán. Importe: 719,41 €/MES.

Rúa Galeras, 10: Rexistro Xeral. Importe: 719,41 €/MES.

Rúa Galeras, 3: Servizos. Importe: 614,43 €/MES.

Rúa Galeras, 28: Catastro. Importe: 824,33 €/MES.

Estas prórrogas son tácitas dado o recollido no Código Civil que di que cando se disfruta da cousa arrendada por quince días tras a finalización do contrato e coa aquiescencia do arrendador entenderase ese contrato prorrogado.

#### **9.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa a recoñecemento extraxudicial de créditos.**

A XGL aprobou este recoñecemento extraxudicial de créditos da Concellaría de Deportes toda vez que existía dotación orzamentaria para facer fronte a estes pagos en concepto de consumo de gas e por un importe de 1.105,19 €.